INTRODUCIÓN

A Teteira de Kabul é un espectáculo de monicreques e narración oral da compañía Xarope Tulú dirixido ao público familiar a partir de 6 anos baseado no conto homónimo de Carolina Pujadas. A peza coproduciuse xunto a Asemblea de Cooperación pola Paz no marco do proxecto 'Abeirar: desprazamento e refuxio dende o enfoque de Dereitos' financiado pola Subdirección Xeral de Cooperación ao Desenvolvemento da Xunta de Galicia.

Esta Guía Didáctica foi elaborada pola Asemblea de Cooperación pola Paz en colaboración con Xarope Tulú e pretende ser un recurso para o profesorado de Educación Primaria. Nela propóñense diferentes actividades tomando como punto de partida a lectura do conto e a representación da peza escénica. Incorpora algunhas orientacións metodolóxicas que permiten afondar na temática abordada nela.

A Teteira de Kabul, ademais de ter unha finalidade artística quere ser tamén unha ferramenta facilitadora do diálogo na aula arredor de cuestións como a construción da paz e a experiencia migratoria. A través desta guía didáctica proponse traballar, de forma específica, os seguintes conceptos: persoas refuxiadas, solidariedade, paz e fogar.

As actividades que ofrece convidan a reflexionar sobre as relacións humanas e sobre o desenvolvemento de habilidades para o coidado da vida, tan necesarias para a construción dunha cultura de paz. Neste sentido, non se pretende quedar nun plano puramente abstracto senón todo o contrario: tentan ser útiles para mellorar a comunicación e as relacións interpersoais dentro da aula, outorgando unha especial relevancia ás experiencias vividas en relación co conto e as reflexións do alumnado acerca das mesmas.

A TETEIRA DE KABUL

Esta peza conta a historia de Mina, unha nena que debe abandonar o seu fogar por mor do estalido da guerra no seu país, Afganistán. A protagonista comeza unha longa viaxe coa súa familia e a pesar das duras condicións, coa axuda das historias que lle conta súa nai, vai descubrindo a beleza neste periplo. Mina irá gardando as historias nunha pequena teteira e así poderá tirar delas cando precise que os contos a arroupen. A historia está baseada nos recordos infantís dunha muller afgá chamada Nadia Ghulam.

OBXECTIVOS

Os obxectivos que se pretenden son:

Mellorar o coñecemento da realidade das persoas refuxiadas.

Achegar outras realidades fomentando a empatía intercultural e o respecto ás diversidades culturais.

Reflexionar sobre as desigualdades de xénero e os impactos da mesma en situacións bélicas ou de conflito.

Favorecer as relación interpersoais traballando en equipo.

Desenvolver o gusto pola lectura e polas artes escénicas.

Estimular a imaxinación e a capacidade para inventar e coñecer os simbolismos.

Potenciar a comunicación e o espírito crítico.

ACTIVIDADES PREVIAS Á ASISTENCIA DO ESPECTÁCULO

Animación á lectura

Antes de asistir ao espectáculo promoverase a lectura do conto na aula para coñecer a historia e introducir ao alumnado ao que se vai facer:

"Hoxe imos coñecer a historia dunha nena chamada Mina. É unha nena de seis anos que, xunto coa familia, tivo que fuxir da súa cidade para que non lles fixesen dano. Ela provén de Afganistán, un país que viviu unha guerra durante moitos anos e que aínda non remtatou. A súa cidade era Kabul, a capital de Afganistán".

Neste punto sería interesante amosar nun mapa onde se sitúa tanto Afganistán como Kabul.

<u>Círculo da escoita:</u>

Dispoñemos o espazo de tal maneira que o alumnado se poida por en círculo, ben conformado coas cadeiras ou no chan.

<u>Paracaídas:</u>

Se se dispón dun paracaídas, podemos facer a lectura do conto con todo o grupo baixo o paracaídas, para crear un ambiente máis íntimo.

<u>Imaxes no teito:</u>

Colocarase o proxector da aula de tal maneira que as imaxes queden proxectadas no teito,

emulando as historias que Mina escoitaba no tellado da súa casa.

Imos ao teatro!

Antes de ver o espectáculo farase unha pequena presentación da peza e da compañía. Para iso traballaranse de forma colectiva algunhas preguntas:

Que son as artes escénicas? Cales coñeces?

Que son os monicreques?

Cantas veces asistiches ao teatro e con quen?

Que obras teatrais viches?

Que foi o que máis che gustou do teatro?

Se formaras parte dunha compañía de teatro, que papel che gustaría desempeñar?

Por último, farase un resumo colectivo da historia que aborda a *A teteira de Kabul* grazas á lectura previa anterior.

ACTIVIDADES POSTERIORES Á ASISTENCIA AO ESPECTÁCULO

Logo da asistencia ao espectáculo intentarase entender algo máis sobre a representación, os elementos escénicos e afondarase algo máis sobre os contidos da propia historia.

1. <u>Os elementos escénicos:</u>

Tras a asistencia ao espectáculo, e co obxectivo de que o alumnado teña fresco o recordo, realizarase un pequeno cuestionario de forma oral sobre a peza.

Que elementos da obra eran importantes para ti? Por que?

Cantas persoas estaban no escenario?

Que cres que é imprescindible para que se poida levar a cabo unha obra de teatro?

Que foi o que máis che chamou a atención da posta en escena?

Cres que a peza e o conto que limos anteriormente contan a mesma historia? Hai algunha diferenza?

2. <u>Unha carta para Mina:</u>

Cada persoa escribirá unha carta a Mina explicando como é a súa casa, familia, colexio, o que máis lle gusta... Esta tamén pode ser unha boa actividade para realizar canda as familias.

3. Mina está na aula:

Cada persoa fará un debuxo ou unha pequena redacción de como sería que Mina fora unha alumna máis da súa propia aula.

4. Un fogar:

Cada persoa debuxará ou realizará unha pequena redacción sobre que é un FOGAR para ela. Tamén se poden empregar outras técnicas artísticas como acuarelas, pinturas de dedos, ceras, collague...

5. O simbolismo da teteira:

Este último bloque de actividades afonda no simbolismo da teteira. Tanto no conto como na peza, a teteira é un elemento central e serve para que Mina visualice nela un futuro máis esperanzador. Trátase de explicar este simbolismo e tamén ofrecer pequenas ferramentas de xestión emocional ao alumnado, igual que fai Mina.

Versos de acollida na teteira

Con plastilina ou barro, cada quen fará a súa propia teteira. Tras deixar que seque ben (no caso do barro de 24 a 48 horas ao sol non directo), pintarase e decorarase. É importante que, aínda que non teña "tapa" si que estea oca para poder por cousas dentro. Logo de que estean feitas, temos dúas posibilidades:

1. Cada quen escribirá frases de acollida pensando en Mina ou noutras persoas da aula, compañeiras ou profesoras. Irán depositando as frases nas teteiras do resto de compañeiras. É importante que o profesorado estea atento a que non se dean dinámicas de exclusión.
2. Inspirándonos en Mina e no simbolismo da teteira, proponse que cada quen tome a súa teteira dunha maneira similar a Mina xa que ela tiña un "truco" cando se sentía enfadada, preocupada ou aborrecida: subía ao tellado da súa casa e encerraba as súas preocupacións na teteira. Esta teteira acompañouna toda a viaxe. Era como introducir as súas preocupacións na teteira e, unha vez dentro e co paso do tempo, estas preocupacións transformábanse en algo fermoso.

Pendente incorporar cartel + imaxes + enlace da peza